

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 20 de decembro de 2022, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamento considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

PEMBROLIZUMAB

Na indicación de tratamento en combinación con quimioterapia, de adultos con cancro de mama tripla negativa (CMTN) localmente recorrente irresecable ou metastásico, cando se cumpran todos os seguintes criterios:

1. Pacientes con tumores que expresen PD-L1 con $CPS \geq 10$.
2. Pacientes que non recibiran quimioterapia previa para a enfermidade metastásica.
3. Boa situación funcional (ECOG 0-1)
4. Se xa foron tratadas/os no entorno (neo)adyuvante: ter recibido antraciclinas
5. Se non foron tratadas/os no entorno (neo)adyuvante, non ser candidatas/os a antraciclinas por contraindicación ou criterio clínico.
6. Ter pasados ≥ 6 meses dende a data do último tratamento (cirúrxico o quimioterápico) para o cancro de mama tripla negativo.
7. Sen metástases cerebrales ou con metástases estables xa tratadas previamente.

Observacións:

- * De forma xeral a quimioterapia de combinación é preferente con taxanos.
- * En pacientes con mutación BRCA + valorarase de xeito individual a quimioterapia de combinación con carboplatino.
- * Duración: hasta progresión o máximo 35 ciclos.

*** En base á evidencia dispoñible, poderá empregarse a dosificación de pembrolizumab por peso ou en dose fixa. A selección do réxime posolóxico para cada paciente realizarase atendendo a criterios clínicos e de eficiencia.**

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital)

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde